

Funcións en PHP

O uso de funcións dános a capacidade de agrupar varias instrucións baixo un só nome e poder chamalas a estas varias veces dende diferentes sitios, aforrándonos a necesidade de escribilas de novo.

```
<?php
function Nome(parametro1, parametro2...)
{
    instrución1;
    instrución2;
    instrución3;
    instrución4;
}
?>
```

ATENCIÓN: En PHP as variables globales por defecto non son accesibles dentro das funcións a non ser que especifiquemos claramente global antes da variable.

Por exemplo: **global \$nome;** // Desde xeito poderíamos acceder á variable global \$nome dentro da función.

Opcionalmente podemos pasarlle parámetros ás funcións que se tratasen como variable locais e así mesmo podemos devolver un resultado coa instrución **return valor;** Isto produce a terminación da función retornando un valor.

```
<html>
<head>
    <title>Exemplo de PHP</title>
</head>
<body>
<?php

function media_aritmetica($a, $b)
{
    $media=($a+$b)/2;
    return $media;
}

echo media_aritmetica(4,6), "<br>";
echo media_aritmetica(3242,524543), "<br>";

?>
</body>
</html>
```

Procedementos

Cando unha función non devolve ningún valor, entón considérase un procedemento. Os procedementos empréganse para agrupar un grupo de tarefas que necesitamos chamar varias veces ó longo da nosa aplicación.

Máis información sobre funcións: <http://php.net/manual/es/language.functions.php>